



GALLAECIA RAID



CAMPIONATO GALEGO REMUDAS 2024

PREVENCIÓN DE RISCO

Os orientadores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé

No caso dos menores de idade, ademais, os clubs respectivos son os responsables de asignar aos seus orientadores ao percorrido apropiado ao seu nivel físico e técnico.

Unha vez efectuada a avaliación dos riscos específicos para esta proba, a celebrarse o domingo 1 de decembro de 2024, infórmase especialmente sobre o seguinte:

METEOROLOXÍA

Prognóstico meteorolóxico cambiante, convén non descoidarse co frío e a choiva.

Hai que ter en conta a posibilidade de atopar zonas con barro ou encharcadas en carreira e ter precaución coas zonas esvaradías

APARCAMENTO

Moita precaución no acceso de Acea dá Má, na instalación hai usuarios doutros deportes, debendo chegar con velocidade sensiblemente reducida.

Podemos aparcar ao redor do parque pasando algún paso de peóns, aínda que ben sinalizados e algúns iluminados, recoméndase precaución.



GALLAECIA RAID



COMPETICION

Ao Centro de Competición, na Universidade Laboral, accédese a través do parque de Acea dá Má. Debemos circular entre estes dous espazos con precaución, sempre pola beirarrúa e coidando de cruzar por pasos de peóns.

En carreira hai que prestar especial atención á zona residencial con varios cruces e tráfico aberto. Haberá voluntarios pendentes en zonas sinalizadas

A descarga estará situada no centro de competición, polo que ao alcanzar a meta débese ir de inmediato á carpa do xuíz cronometrador sportident a efectuarse a descarga para finalizar a carreira. Haberá persoal na meta lembrando este deber.

O pavillón das Mariñas, onde se atopa o roupeiro e as taquillas, non estará vixiado. Aconséllase deixar as pertenzas de valor nos coches particulares xa que as distancias entre o centro de competición e os aparcamentos son curtas.

SERVIZOS SANITARIOS

Ambulancia medicalizada no centro de competición.

Protocolo federativo de accidentes activo. O parte de accidente debe ser selado polo club organizador através do responsable de seguridade.

ctrl + clic [acceso o seguro](#)

Calquera incidencia pode comunicarse de inmediato ao número 674 961 325